Concello de Lugo

Casa da Muller

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES E IGUALDAD

Pacto de Estado
contra la violencia de género

Guía de xogos e xoguetes non sexistas

Xogamos Pola igualdade

Xogamos
Pola igualdade

O Concello de Lugo, a través do servizo municipal da Casa da Muller traballa a prol da igualdade e para rachar cos estereotipos de xénero.

O I Plan de igualdade do Concello de Lugo establece no obxectivo 2.1. :"Orientar a comunidade educativa cara ao cambio de actitudes contra os estereotipos sexistas e ofrecerlle modelos educativos acordes cos principios de igualdade de oportunidades".

A acción 2.1.4. do referido plan recolle "a elaboración dunha guía de xoguetes non sexistas nin bélicos para distribuír en garderías, centros educativos, ANPA, Federación de Comercio, etc".
A tal fin elaborouse o díptico **Xoguetes non sexistas. Este Nadal agasalla en igualdade.**

O modelo no que se sustenta a presente proposta didáctica é a coeducación. Este paradigma ten como obxectivo a eliminación de estereotipos entre sexos, superando as desigualdades sociais e as xerarquías culturais entre nenas e nenos.

Por medio dos xogos e dos xoguetes, as nenas e os nenos aprenden a socializarse. Se queremos construír unha sociedade máis igualitaria, debemos ofrecer xogos e xoguetes libres de estereotipos de xénero, que amosen unha visión do mundo baseada na igualdade, o respecto e a liberdade. Un mundo onde nenas e nenos, independentemente do seu sexo poidan desenvolverse e elixir os seus desexos e soños.

Esta guía pretende ofrecerlles ás familias e outros axentes socializadores unha serie de pautas e de propostas que lles poidan servir como instrumentos para acadar esa necesaria igualdade.

Dos 0 aos 6 meses

Pódese pensar que a esta idade aínda non podemos traballar movementos, non obstante xa se están a potenciar cando o neno ou nena colle e manipula todos estes xoguetes. É conveniente que sexan adecuados ao seu tamaño, non tóxicos, con texturas agradables, con cores rechamantes e que sexan doados de limpar. É importante que estean elaborados con materiais resistentes xa que tenden a tiralos ao chan de forma sistemática.
Os xoguetes deben estimular todas as áreas relacionadas cos "seus sentidos" (ver, oír, tocar e "chupar") xa que é a través deles como empezan a coñecer o mundo que os rodea. Con estas actividades inician a relación cos obxectos, son unha etapa fundamental no seu desenvolvemento. Os xoguetes que cumpren os requisitos anteriores son:

- Axóuxeres, manoplas e calcetíns con son.
- Carruseis musicais.
- Peluches con son.
- Móbiles de berce...etc.

Dos 6 aos 12 meses

Neste momento nenas e nenos comezan a sentar, gatear e mesmo a poñerse de pé con axuda (en ocasións dan así os seus primeiros pasos). Nestes meses predomina a área de movemento aínda que non deben esquecer as áreas anteriores. Os xoguetes máis axeitados ás súas necesidades son:

- Andadores.
- Pequeno ximnasio de actividades.
- Alfombra de actividades.
- Pelotas sonoras ou luminosas.
- Pelotas pequenas brandas.
- Tentemozos.
- Pequenos bambáns para suxeitar nas portas.
- Buxainas grandes...etc.

Xoguetes Por idades

Dos 12 meses aos 2 anos

Comezan a andar, a explorar o espazo e a relacionarse co medio, gústalles manipular obxectos, observar e experimentar. Para desenvolver as capacidades nesta etapa recomendamos:

- Andadores.
- Arrastres.
- Taboleiros de actividades.
- Pelotas.
- Pequenas cadeiras.
- Xoguetes para encaixar figuras.
- Cubos e pas.
- Encaixables grandes para comezar a facer pequenas construcións...etc.

Dos 2 aos 4 anos

A esta idade, proban constantemente as súas habilidades físicas e comezan a desenvolver a motricidade e a exploración espacial, polo que os máis apropiados son os xogos motrices e o desenvolvemento da psicomotricidade grosa así como a manipulación de obxectos. Para iso recomendamos:

- Andadores e triciclos.
- Carreta.
- Cubo, pa e anciño.
- Cochiño de bonecas/os.
- Banco de carpintaría.
- Construcións e encaixes de formas sinxelas.
- Crebacabezas de pezas grandes...etc.

Dos 4 aos 6 anos

Nenas e nenos a esta idade conseguen ter un tempo de atención máis prolongado, necesitan interactuar co espazo e desenvolver a comunicación e expresión así como a motricidade fina e grosa, revelan os seus sentimentos en xogos dramáticos, gústalles xogar e compartir cos seus amigos e amigas, gardan quendas algunhas veces e desenvolven o xogo simbólico.
Para esta etapa son recomendables xoguetes que desenvolvan as capacidades necesarias para o seu bo desenvolvemento evolutivo como os que se sinalan a continuación:

- Bicicleta con estabilizadores e accesorios.
- Diana con pelotas pequenas e velcro.
- Xogo de tenis con pelota suxeita a unha goma e outros xogos de deportes adaptados.
- Disfraces.
- Teatro de monicreques.
- Xoguetes de oficios e actividades de persoas adultas: caixas de ferramentas, instrumental médico ou de enfermaría, etc.
- Xogos de construcións...etc.

Dos 6 aos 9 anos

Son moi apropiados para esta idade os xoguetes que favorezan a habilidade, a atención e a capacidade creadora, a destreza e a imaxinación e, sobre todo, a afirmación individual. Resultan tamén divertidos os xogos que permiten interactuar con terceiras persoas e nos que hai que cumprir unhas regras.

- A bicicleta.
- Os patíns.
- As construccións.
- Os kits para o coidado da natureza.
- Os xogos de mesa...etc.

Xoguetes Por idades

Dos 9 aos 12 anos

Son moi importantes os xogos que anticipan situacións adultas profesionais, como, por exemplo, os de química, electricidade ou o microscopio. Resultan tamén moi positivos aqueles que fomentan as actividades en equipo xa sexa deportivas ou intelectuais.

- As construcións
- Os papaventos.
- O coleccionismo de selos ou moedas... etc



Juegos y juguetes para la igualdad. Guía didáctica para una Educación No Sexista dirigida a madres y padres.
Edita:Dirección General da la Mujer del Gobierno de Cantabria. 2009.

Os anuncios publicitarios sobre xoguetes teñen unha enorme carga sexista. Presentan unha visión do mundo diferente para as nenas e os nenos. Polo tanto, é importante que as familias lles axuden para que poidan realizar unha elección o máis libre posible, afastada da mediatización que exercen os medios de comunicación.

A publicidade vén presentando uns modelos con comportamentos, actitudes e valores para ser muller, e outros para ser home, determinando un "modo de ser feminino" que presenta persoas obsesionadas polo corpo, a beleza, a ostentación, os peiteados…; expón actitudes competitivas de mulleres que buscan ser admiradas e desexadas, esperando un príncipe azul; fomenta un modelo de muller dependente, supernai, agarimosa e coidadora nun ambiente edulcorado.

Á vez, a publicidade presenta uns comportamentos, actitudes e valores para ser home, determinando un modo de ser masculino, con xoguetes que determinan a súa forma de "ser home" desde posicionamentos competitivos. Invítaselles ao risco, á aventura, ao poder e á forza.

Hai unha serie de tópicos ou lugares comúns sobre a elección dos xoguetes para as nenas e para os nenos en función do seu sexo. Temos que ser quen de poñelos en cuestión e rachar con eles para realizar unha elección verdadeiramente libre.

A diferente elección de xoguetes explícase a través de factores culturais, educativos, a influencia do distinto trato da familia, a modelos estereotipados que reflicten os medios de comunicación, os libros de texto, os contos, etc.

Guía didáctica: la elección del mejor juguete o juego.
Edita: Instituto Andaluz de la Mujer. 2013

Os xogos e xoguetes na Publicidade

INDICADORES PARA ELIXIR OS MELLORES XOGUETES

- Que sexan poucos, esperados e desexados, seguros e acordes á idade.
- Divertidos, entretidos, con diversas potencialidades de xogo.
- Libres de prexuízos sexistas.
- Desenvolvedores de todo tipo de habilidades tanto en nenos coma en nenas.
- Que ofrezan igualdade de participación, comunicación e interacción en nenas e nenos.
- Non deben potenciar sentimentos diferentes en nenos que en nenas.
- Non proxectar distintas imaxes do mundo para uns e para outras.
- Que propicien o xogo cooperativo e actitudes non violentas.
- Que desenvolvan a creatividade, que estimulen a súa curiosidade, os seus intereses.
- Algúns que desenvolven o tranquilo, e outros que necesiten do xogo ao aire libre, con actividade física.
- Que cubran os ámbitos do público e do doméstico, tanto nas nenas coma nos nenos.



O xogo sen xoguetes ofrécelles ás nenas e aos nenos a posibilidade de divertirse en grupo. Queremos reivindicar os xogos de sempre, os que non precisan de xoguetes caros e sofisticados. O espazo libre preséntase como o escenario ideal para o desfrute.
Propoñemos o xogo cooperativo, ausente de competitividade, que permita compartir.
Os xogos cooperativos axudan ás nenas e aos nenos a ter confianza en se mesmas e en se mesmos e nas outras persoas, vivir en grupo e comunicarse positivamente

Os xogos tradicionais non están exentos de desigualdades entre sexos, por iso apostamos por prácticas coeducativas que rachen cos roles e estereotipos preestablecidos para as nenas e para os nenos.

Que teremos en conta para transformar os xogos tradicionais en xogos coeducativos-cooperativos?

- É necesario intervir para modificar as actitudes sexistas ou violentas.
- Debemos formar grupos heteroxéneos, onde rapazas e rapaces interactúen e participen de forma equilibrada.
- Debemos evitar o liderado dunha persoa o un grupo de persoas. Trátase de aprender a cooperar en igualdade.
- Todas as persoas deben pasar polos diferentes estadios do xogo.
- Hai que ter en conta as habilidades e posibilidades de cada participante eliminando os roles que tradicionalmente desempeñaban as rapazas e os rapaces atendendo ás súas circunstanciais persoais.
- Todas as persoas que interveñen no xogo teñen que coñecer as súas regras.
- Evitaremos a expresión de quen xoga ben ou quen xoga mal, e centrarémonos na participación.
- Para cada xogo formaremos grupos, que serán mixtos.
- A finalidade do xogo non será gañar, senón participar igualitariamente.

Xogos coeducativos-cooperaivos e non violentos

Os xogos populares, como outros elementos culturais, conteñen diferentes concepcións que forman parte da sociedade, teñen unha dimensión lúdica e educativa, e son parte importante da convivencia e cooperación en grupo. Posúen un gran valor socio-cultural que sobrepasa os aspectos lúdicos, pois cada xogo presenta diferentes características dependendo da zona na que se practica.
Os xogos defínense como a actividade física ou mental que ten a finalidade de divertirse e entreterse.

OBXECTIVOS:

- Utilización axeitada e valoración das estratexias básicas do xogo: cooperación, oposición e cooperación/oposición.
- Valoración do esforzo persoal e do colectivo nos diferentes tipos de xogos e actividades deportivas á marxe de preferencias e de prexuízos.
- Aprecio do xogo e do deporte como medio de desfrute, de relación, de saúde e de ocupación do tempo de lecer.
- Potenciar, mediante unha metodoloxía activa, que o neno/a conoza o seu propio corpo, as súas posibilidades e limitacións practicando xogos e, ó mesmo tempo, coñeza unha parte importante da súa cultura participando nos xogos populares.

1 A MARIOLA

Un clásico do xogo na rúa. Marcamos os cadros no chan e cun obxecto máis ou menos plano (unha pedra, unha chapa...) xa podemos comezar a xogar. Cómpre ir brincando á pata coxa por cada un dos recadros e para facermos que o obxecto vaia avanzando.

2 O PEÓN

Ou buxaina, ou trompo... Un xoguete de madeira que baila sobre unha punta de metal co impulso dun cordel. Semella simple, pero ten moitas combinacións para as que cómpre non pouca habilidade.

Os xogos Populares e tradicionais

3 AS BÓLAS

Hai moitas variedades de xogo de bólas e podémolas adaptar á idade de quen xogue. Podemos xogar a deixar a bóla o máis cerca posible dunha raia, a bater o maior número de veces posibles ns bólas do resto de persoas que xoguen ou a botar fóra dun círculo as bólas do resto de xogadoras e xogadores ata que quede só unha.

4 A CHAVE

A chave ten moitas modalidades e a principal diferenza entre unhas e outras e súa forma, que varía en Ferrolterra, Ourense ou Santiago. A chave está chantada no chan e cómpre facer bater nela os pesos que lanzamos a unha determinada distancia.

5 AS SETE E MEDIA

Marcamos no chan un retángulo dividido en oito espazos numerados do 1 ao 7 e un oitavo espazo cun asterico (a media). As persoas que vaian xogar colócanse a uns 3 mestros dos recadros 1 e 2. Cada xogador ou xogadora lanzará dous obxectos -unha pedra, unha chapa...- tentando sumar sete e media ou ficar o máis próximo posible a ese valor.

6 BIRLOS E BOLOS

Podemos xogar aos birlos ao canteiro ou aos bolos celtas. Son de madeira e teñen diferentes formas; o obxectivo é tombar o maior número de birlos posibles coa bóla en cada lanzamento.

7 A MALLA

Xogamos en parellas con dous paus duns 10 centímetros afastados entre si por uns 6 metros. Cada persoa que xoga ten consigo tres discos de madeira e lánzaos cara aos paus para tentar derrubalos. Cada pau derrubado suma un punto.

8 AS CARRILANAS

Un xogo... ou todo un deporte se imos preguntar a Esteiro ou Valdoviño. Son vehículos de madeira que adoitan estar feitos de madeira e desprazarse coa axuda de tres rodamentos. As carrilanas van a toda velocidade e son un vehículo que aguanta moita creatividade!

Os xogos Populares e tradicionais

9 O MUÍÑO OU ALQUERQUE

Marcamos no chan o taboleiro de xogo. Con nove obxectos -moedas, chapas, sementes, pedriñas...- para cada xogador ou xogadora, comezaremos colocando unha ficha enriba de cada cruzamento de liñas. O obxectivo é aliñar tres obxectos en horizontal, vertical ou diagonal e as fichas aliñadas fan un muíño que dá dereito a retirar unha das fichas da outra persoa.

10 A ZOADEIRA

Un cordón e un buraco son dabondo para este xogo. Pasaremos o cordón polos furadiños do botón e ataremos os dous extremos. Collémolos cos dedos por senllos extremos e dámoslle unhas voltas; se o botón xira e zoa sen parar é que o fixemos ben!

11 A PORCA

Antes do hockey ou o golf estaba a porca, que segundo a zona tamén pode ser coñecida como pino ou cachona. Un pau e unha bóla son os elementos fundamentais e no campo de xogo debe haber tantos buracos como persoas a xogar, todos ao redor dun gran buraco central. O porqueiro ou porqueira debe introducir a bóla -a porca- no buraco grande -o cortello- e o resto tentará afastalo. Cando o porqueiro o logra, todo o mundo troca de nicho -buraco pequeno-.

Unha ducia de xogos tradicionais galegos.
Edita: praza.gal

O sexismo nos difraces

As nenas e os nenos xogan a miúdo disfrazándose. Tal e como ocorre cos xogos e os xoguetes, os disfraces reflicten o sexismo.

A Casa da Muller do Concello de Lugo realizou a campaña de sensibilización **VIVE O ENTROIDO LIBRE DE ROLES E ESTEREOTIPOS SEXISTAS** para evitar o uso sexista dos disfraces infantís.

RECOMENDACIÓNS

- Descartar aqueles disfraces que supoñan unha "hipersexualización", que afecta en moitos casos ás nenas menores de idade, por exemplo aqueles disfraces que existen en dúas versións: temáticos para home e a súa versión "sexy"para muller.
- Ser conscientes de que o sexismo se segue a manifestar co xénero dos disfraces: os traxes de bombeiros, astronautas e médicos están representados por nenos, mentres que as nenas protagonizan os disfraces de enfermeiras ou animadoras.
- Ideal é que os disfraces poidan ser utilizados indistintamente polas nenas e polos nenos.
- Que desenvolvan a imaxinación.
- Que favorezan a creatividade. O mellor disfrace é, posiblemente, o que fabricas coas túas mans e tendo en conta as fantasías e soños das nenas e dos nenos.



Bibliografía

I, II e III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo. (2005-2014).

Xoguetes non sexistas. Este Nadal agasalla en Igualdade.
Edita: Casa da Muller do Concello de Lugo. 2006.

Campaña Tamén no Entroido, corta co sexismo infantil. Vive o Entroido libre de roles e estereotipos sexistas.
Edita: Casa da Muller do Concello de Lugo. 2017.

Xogos populares e tradicionais.
Edita: Xunta de Galicia. Espazo Abalar.

Nuevas formas de jugar. Campaña del juego y el juguete no sexista, no violento.
Edita: Instituto de la Mujer. Junta de Andalucía. 2007.

Guía didáctica: La elección de mejor juguete o juego.
Edita: Instituto de la Mujer. Junta de Andalucía. 2013.

Guía didáctica: la elección del mejor juguete o juego.
Edita: Instituto Andaluz de la Mujer. 2013.

Juegos y juguetes para la igualdad. Guía didáctica para una Educación No Sexista dirigida a madres y padres.
Edita Dirección General da la Mujer del Gobierno de Cantabria. 2009.

Jugar para ser iguales. Por un juguete no sexista.
Edita: Junta de Castilla y León.

Unha ducia de xogos tradicionais galegos.
Edita: praza.gal

Xogamos
Pola igualdade

EDITA: Casa de Muller do Concello de Lugo
Ilustracións, e deseño: Joaquín París.